## *As palabras nas bocas femininas*

**Helena Villar Janeiro**

A boca feminina foi deseñada para se pintar,
sorrir e estar calada.
Dicía o pergameo: "Se falase
farao sempre en lingua distinguida
igual que ha camiñar con paso curto
e o busto ben ergueito.

Non deberán os labios femininos
envilecerse nunca coas palabras
de pastores, labregos, mariñeiros,
que dexoban a boca
igual que a bosta, o esterco e o salitre
e nunca serán aptas para labios
que luzan dentes brancos".

A boca feminina foi para se pintar,
sorrir e estar calada.
Dicía o pergameo: Se vivise
en terras de Galicia esa muller
podería expresarse en lingua allea
que alí medrou sen lixo nin suores,
idioma que adornou os talonarios,
que exhortou en sermóns baixo das cúpulas
e que nunca explicou aos desherdados
que os ángulos dun triángulo
suman sempre dous rectos".

Por iso estas palabras tiña venia
e eran as pronunciadas pensando que en ningures
se atoparan co lixo como as nosas.

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Consellería de Cultura
Servizo de Normalización Lingüística
DEPUTACION DA CORUÑA